

CAUSAS DA DESCOLONIZACIÓN

1. Impacto da Segunda Guerra Mundial

- * Os ocupantes xaponeses estimularon nas colonias asiáticas un sentimento antioccidental e alentaron as aspiracións de independencia, que se viron fortalecidas pola difusión dos ideais de liberdade e democracia.
- * A Segunda Guerra Mundial foi unha escola de formación de guerrillas contra os ocupantes e consolidou o prestixio dalgúns líderes populares que loitaron contra os invasores.
- * O resultado do conflito bélico consolidou un novo equilibrio internacional no que as vellas potencias coloniais pasaron a un segundo plano, emerxendo dúas novas superpotencias: USA e URSS, que amosaron unha posición estratéxica anticolonialista.
- * As organizacións internacionais creadas trala Segunda Guerra Mundial tamén se mostraron partidarias da descolonización. A ONU e a propia Igrexa católica promoveron a evolución do mundo colonial

2. A escasa rendibilidade dos imperios

- * Os imperios non compensaban os elevados custos que ocasionaban a súa administración e defensa.
- * Conservar os imperios coloniais comezou a xerar importantes custos políticos no interior das metrópoles.

3. A forza dos movementos nacionalistas

- * As ideas anticolonialistas da III Internacional animaron a creación de partidos comunistas, que desempeñaron un papel decisivo no proceso de liberación dalgúns zonas, como en Indochina ou Indonesia.
- * Gran parte dos grupos nacionalistas tiveron líderes carismáticos, como Gandhi, Nehru, Ho Chi Minh, Nasser, Sukarno, Senghor e Lumumba. Moitos foron educados en universidades europeas, mais descubriron os valores culturais da súa civilización ao voltar á súa patria e foron voceiros dos movementos de oposición ao colonialismo.

AS PRIMEIRAS INDEPENDENCIAS ASIÁTICAS

1. O caso de Indonesia e de Indochina

- * A ocupación xaponesa da colonia de Indonesia fomentara un sentimento antioccidental e tolerara as actividades dos movementos de liberación e a formación dun exército indonesio.
- * Aos poucos días da rendición xaponesa, o movemento nacionalista encabezado por Sukarno proclamou a independencia de forma unilateral. Os holandeses non a aceptaron e responderon co envío de tropas para restablecer o control sobre o arquipélago.
- * Tralas negociacións da Haia, a metrópole recoñeceu a independencia dos Estados Unidos de Indonesia en 1949.
- * Na Indochina francesa (Vietnam, Laos, Cambodia), as forzas comunistas do Viet-minh, baixo a dirección de Ho Chi Minh, proclamaraon a República Democrática de Vietnam, con capital en Hanoi, en setembro de 1945. Francia reaccionou enviando tropas. En 1946 iniciouse o conflito armado, enfrontando inicialmente ao exército colonial francés cun exército de guerrillas dirixido polo xeneral Giap. Despois da derrota francesa en Dien Bien Phu, en 1954, convocouse a conferencia de Xenebra, na que Francia aceptou a independencia de Laos e Cambodia e a división de Vietnam en dous Estados á espera dun referendo sobre a unificación que nunca se levou a cabo. A guerra continuou máis de 20 anos coa intervención estadounidense na mesma, que reemprazou a Francia como pseudo-potencia colonial.

2. A independencia da India

- * O Partido do Congreso, baixo o liderado de Gandhi e Nehru, reivindicaba a independencia da India. A minoría musulmá creara a Liga Musulmá liderada por Jinnah, que aspiraba á creación dun Estado propio.
- * O goberno británico, a través do último vicerrei, Lord Mountbatten, acordou a cesión de poder ao Partido do Congreso e á Liga Musulmá, e foi revalidado polo Parlamento británico en 1947. A antiga colonia británica quedou dividida en dous Estados diferentes: Paquistán e a Unión India, que mantiveron litixios fronteirizos como o de Caxemira. Finalmente, en 1974, Bangladesh proclamou a súa independencia de Pakistán, despois dunha longa guerra de secesión.

OS CONFLICTOS DE ORIENTE PRÓXIMO

1. O Estado de Israel e a primeira guerra

- * Trala declaración Balfour, en 1917, asinada polo ministro británico de asuntos exteriores, o sionismo internacional obtivo recoñecemento á súa reclamación de constituir un Estado xudeu nos territorios de Palestina e abriu paso a unha masiva inmigración de xudeus cara a esta rexión.
- * Finalizada a Segunda Guerra Mundial, en un contexto internacional impresionado polo verdadeiro alcance do holocausto, os xudeus europeos formularon a necesidade de se reagruparen e o seu dereito a se desprazar a Palestina.
- * En 1945, a organización Haganah (milicia xudea) declarou a insurrección contra as forzas británicas e iniciou unha etapa de axitación e de atentados para forzar a retirada de Gran Bretaña e facer presión a favor da creación dun Estado xudeu. En 1947, unha resolución da ONU propuxo a partición de Palestina en dous Estados, un xudeu, co 55% do territorio, e outro palestino. En 1948 rematou o mandato británico Ben Gurion proclamou o Estado de Israel.
- * A esta decisión seguiu o estourido da primeira guerra árabe-israelí (1948-1949), na que a Liga Árabe (Exipto, Siria, Arabia Saudita, Xordania, Iraq, Líbano e Iemen) atacou a Israel, que repeleu o ataque. O armisticio de 1949 recoñecía a partición de Xerusalén en dúas zonas e outorgaba novos territorios a Israel.

2. As consecuencias no mundo árabe

- * A derrota da Liga Árabe tivo consecuencias no mundo árabe, sobre todo en Exipto, onde a corrupta monarquía foi derrocada polo coronel Nasser. El foi o artífice da nacionalización da canle de Suez. Inmediatamente, forzas francobritánicas ocuparon o Canal, e os israelís atacaron ás tropas exipcias. Mais o apoio soviético a Exipto, e a presión dos americanos a favor da retirada francobritánica forzou aos israelís a abandonaren a zona.
- * O exemplo exipcio cundiu noutros Estados como Iraq, Iemen do Sur, Somalia e Mauritania, dando lugar a un movemento panarabista que atopou na oposición ao Estado de Israel un obxectivo común.

3. As guerras árabe-israelís

- * A segunda guerra árabe-israelí iniciouse en 1956, cando por mor do conflito do Canal de Suez, os israelís atacaron Exipto e invadiron a península do Sinaí.
- * En 1964 créase a OLP, dirixida por Yasser Arafat, que tiña o apoio do mundo árabe.
- * En 1967 tivo lugar a terceira guerra árabe-israelí, a Guerra dos Seis Días, na que Israel ampliou o seu territorio ocupando Belén, Xerusalén, a illa de Tirán, o Sinaí ata Suez e os altos do Golán, así como esmagar aos exércitos xordano, sirio e exipcio que intentaron deter esta acción bélica.
- * En 1973 tivo lugar a guerra do Yom Kippur, na que os árabes deron por primeira vez testemuño da súa potencia militar. Cando semellaba que Israel os avantaxaba, os árabes decidiron iniciar unha guerra económica e acordaron embargar o petróleo destinado aos Estados Unidos, diminuír a produción e aumentar de forma progresiva o seu prezo. Finalmente, as Nacións Unidas recomendaron o cesamento das hostilidades e o establecemento de negociacións, proposta aceptada polos contendentes.

4. O problema palestino

- * A partición de Palestina e a ocupación israelí de territorios poboados por palestinos, a raíz da Guerra dos Seis Días, forzou o éxodo de milleiros de persoas que quedaron definitivamente sen Estado e sen terras.
- * Como medio de propaganda sobre o problema palestino, a OLP adoptou a acción directa e terrorista contra os intereses e colaboradores de Israel. A OLP foi mudando de táctica e abandonou as accións terroristas, co que logrou o recoñecemento da ONU en 1974.
- * O presidente exipcio Sadat recoñeceu o Estado de Israel e en 1978 asináronse os acordos de Camp David entre Israel e Exipto.
- * En 1987, a OLP propiciou un movemento de insurrección civil da poboación árabe dos territorios ocupados, a Intifada, e en 1988 proclamou unilateralmente o Estado palestino.
- * En 1991 convocouse a Conferencia de Madrid para iniciar as negociacións entre as partes en conflito, que remataron cos acordos de Oslo de 1993, creándose as zonas autónomas de Xericó e Gaza, con autonomía e gobernadas pola autoridade nacional palestina inicialmente dirixida por Yasser Arafat.
- * Os enfrontamentos continuaron coa segunda Intifada (2000) e a segunda guerra do Líbano (2006). O conflito ten un enorme protagonismo na esfera internacional, opoñendo ao mundo islámico, defensor da causa palestina, aos Estados Unidos e os seus aliados, que apoian a Israel.

BANDUNG E O IMPULSO DESCOLONIZADOR

1. A Conferencia de Bandung

- * O primeiro intento de reunir aos Estados afectados pola dominación colonial para reivindicar os seus dereitos hai que buscalo na conferencia convocada en Nova Delhi en 1947. Alí, dirixentes de 25 países asiáticos trataron sobre a descolonización e o subdesenvolvemento. Pero foi na Conferencia de Pobos Afroasiáticos, convocada en Bandung en 1955, onde os novos Estados xurdidos da descolonización adquiriron por primeira vez un lugar preeminente na política internacional.
- * A Conferencia contou con grandes líderes independentistas como Nehru, Nasser e Sukarno, e reuniu a representantes de 29 nacións que sumaban máis da metade da humanidade. Nas resolucións finais, os asinantes expresaron ás claras a súa vontade neutralista e de afastamento da política de bloques, á vez que espuxeron un programa de reivindicacións propias. A partir de entón comezou a estenderse a denominación de Terceiro Mundo para designar ao conxunto de países que accederon recentemente á independencia política.
- * Os acordos de Bandung reafirmaron o dereito dos pobos a dispoñeren de sí mesmos, a soberanía e igualdade de todas as nacións, a condena de toda discriminación racial e o rexeitamento de toda intervención estranxeira nos asuntos internos dun Estado. Así mesmo, defenderon a coexistencia pacífica, o desarme e a prohibición de armamento atómico, e reclamaron a cooperación internacional na loita contra o subdesenvolvemento. A Conferencia deu paso a unha nova actitude colectiva nos países do Terceiro Mundo: a non-alineación.

2. O caso de Marrocos e do Sahara

- * En Marrocos e Tunisia existían movementos nacionalistas (Istiqlal e Neo Destur) que organizaron grupos armados contra a colonización francesa. Ambos países accederon á independencia en 1956 e 1957 respectivamente.
- * En 1956, España cedeu a Marrocos o Rif, e en 1969 cedeu Ifni. En 1968 accedera á independencia Guinea Ecuatorial. En 1975, despois da Marcha Verde, o Sahara foi entregado a Marrocos e Mauritania, coa oposición da Fronte Polisaria, que proclamou a República Árabe Saharaui Independente.

3. A guerra de Alxeria

- * En 1954 fundouse o FLN, encabezado por Ben Bella. Pero Francia negábase a perder a colonia por mor dos moitos inmigrantes franceses instalados nela e despois da perda de Indochina.
- * A guerra resultou moi cara e a opinión pública volveuse na súa contra. De Gaulle optou pola convocatoria dun referendo e dar paso á autodeterminación alxeriana, que foi establecida nos acordos de Evian (1962).

4. O despertar da África subsahariana

- * Entre 1955 e 1965, a independencia dos países africanos foi un proceso continuo. Nalgúns casos conseguírona pola forza, noutros a través de negociacións.
- * Na África británica, a maioría dos territorios alcanzaron a independencia dunha maneira pactada e gradual, coa excepción de Kenya, onde a insurrección dos Mau-Mau (1950-53) provocou máis de 40.000 mortos ata conseguir a independencia en 1963. Gana foi o primeiro territorio que acadou a independencia pactada (1957).
- * Na África francesa, a única insurrección popular tivo lugar en Madagascar en 1947. En 1958, o xeneral De Gaulle propuxo un referendo polo cal as colonias podían elixir entre a autonomía no seo da Comunidade Francesa ou unha independencia que supoñía a supresión da axuda económica procedente da metrópole. Guinea votou a independencia, mentres o resto de países (Costa de Marfil, Senegal, Gabón, Malí, Chad,...) aceptaron as condicións dos franceses. Pero o proxecto da Comunidade Francesa nunca chegou a funcionar e en 1960 a autonomía destes países transformouse en total independencia.
- * Un dos casos máis conflictivos de África foi o Congo Belga. En 1958, o Movemento Nacional do Congo, dirixido por Lumumba, reclamou a independencia, que foi aceptada por Bélxica en 1960. Mais pronto afloraron os conflitos étnicos, que levaron ao intento de secesión de Katanga. Asasinado Lumumba, en 1965 accedeu ao poder o xeneral Mobutu, que gobernou o Zaire con carácter dictatorial.

5. A serodia descolonización do Cono Sur

- * En 1961, os colonos brancos da colonia británica de Sudáfrica declararon a independencia unilateralmente e consolidaron un réxime de apartheid respecto á poboación negra. Iniciouse daquela unha longa loita de máis de trinta anos, protagonizada pola maioría negra -liderada por Nelson Mandela e o seu partido, o Congreso Nacional Africano- para poñer fin á discriminación. A presión internacional fixo que en 1990 se puxese en marcha o proceso para poñer fin ao réxime de apartheid.
- * Rodesia do Norte, en 1963, converteuse en Zambia e en 1965 os brancos de Rodesia do Sur proclamaron unilateralmente a independencia, instaurando un réxime de discriminación racial semellante ao sudafricano.
- * As colonias portuguesas foron as últimas que subsistiron en África. En 1955 xurdiron movementos nacionalistas e en 1961 a insurrección estendeuse a todas as colonias. A metrópole viuse abocada a unha guerra colonial que acabou erosionando o réxime ditatorial de Salazar. Coa revolución dos caraveis, en 1974, que derrotou á ditadura, o novo réxime iniciou inmediatamente negociacións cos movementos nacionalistas das colonias (Angola, Mozambique, Guinea Bissau,...), que pouco despois foron declaradas independentes.

O TERCEIRO MUNDO E OS PROBLEMAS HERDADOS DO COLONIALISMO

1. Existe un Terceiro Mundo?

- * Nos anos 1950 empezou a utilizarse a expresión Terceiro Mundo para definir os países de Asia, África e América Latina que non desexaban alinearse con ningún dos bloques e que compartían unha serie de características derivadas, a meirande parte delas, do subdesenvolvemento económico.
- * As características que o definen son: escasa renda per cápita, malnutrición, analfabetismo, gran crecemento demográfico e exceso de poboación activa empregada no sector primario.
- * Na actualidade segue a utilizarse o termo Terceiro Mundo para designar aos países máis pobres do planeta, aínda que se pon énfase nas expresións centro-periferia e o binomio Norte-Sur para reflectir que a meirande parte dos países ricos se atopan no hemisferio Norte e os máis pobres pertencen ao Sur.

2. Neocolonialismo e dependencia

- * Na maioría dos novos Estados nacidos da descolonización, a independencia política non foi acompañada dunha independencia económica. Nalgúns casos mantivéronse os intereses económicos das metrópoles, que dun xeito ou outro continuaron a exercer a tutela sobre a antiga colonia. Noutros, os novos investimentos de capital desde os países ricos condicionaban as decisións dos novos gobernos independentes. Esta situación coñécese co nome de neocolonialismo. Moitas veces, a independencia política formal agacha unha dependencia económica e cultural.
- * As características do neocolonialismo son diversas: existe unha forte dependencia comercial, relacionada co intercambio desigual coas ex-metrópoles; o control dos prezos da inmensa maioría das materias primas, fixados nas Bolsas de comercio internacional, está en función da demanda dos países ricos.
- * O Terceiro Mundo ten unha grande escaseza de capital e depende financeiramente do mundo desenvolvido. A dependencia financeira non resulta só dos créditos concedidos, senón tamén dos investimentos exteriores. A maioría das empresas máis modernas do Terceiro Mundo son de capital estranxeiro.
- * Nestes países existe unha dependencia tecnolóxica, de xeito que se obstaculiza a acumulación de capitais nos mesmos e favorécese a súa descapitalización.